



A Coruña, 14 de outubro de 2015
Circular: 022/2015

ASISTENCIA PERICIAL **À ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**

Tal como se informou no seu momento, con data de 20 de maio de 2013, o CONSELLO GALEGO DE EE.TT.II. asinou Convenio con a CONSELLARIA DE PRESIDENCIA, AA.PP. E XUSTIZA sintetizado na elaboración anual de Listaxe única de ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS para actuaren como Expertos Periciais en intervencións de prestación de asesoramento e ditame en procesos penais na contorna do dereito a asistencia xurídica gratuita cando así se acorde de oficio por xuíz ou tribunal.

A esta Listaxe incorporaránse de xeito voluntario os EE.TT.II. rexistrados nos Colexios de Galicia, debendo reunir determinados requisitos que se explicitan no Convenio.

De tal xeito, COETICOR, a medio de esta comunicación, emite oficialmente a convocatoria 2016 con obxecto de que os interesados que acrediten o cumprimento das exixencias e obrigas que estipula o convenio, podan faceren sua inscrición.

Xuntase solicitude de incorporación a esta Listaxe que, debidamente cuberta e acompañada da Ficha de datos, remeteráanse **antes do 15 de novembro de 2015**, data na que se fechará a recepción de solicitudes.

A XUNTA DE GOVERNO.

Anexo:

[PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLARIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONSELLO GALEGO DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS, PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA PERICIAL Á ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.](#)